

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Convenios

- Convenio o Acordo: MARMOLES Y PIEDRAS
- Expediente: 36/01/0256/2014
- Data: 16/12/2014
- Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN
- Código de Convenio número 36000965011981.

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo da empresa “MÁRMOL Y PIEDRAS”, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da Asociación Cluster del Granito e da parte social polas centrais sindicais CCOO, CIG e UGT en data 11.11.2014.

Primeiro.- Dito Convenio foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 12 de decembro de 2014.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

ACORDA:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia en galego e castelán.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

**CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DO SECTOR DE MÁRMORES E PEDRAS
DE PONTEVEDRA PARA OS ANOS 2013-2016***Determinación Das Partes**Partes signatarias.*

Son partes signatarias do presente convenio, dunha parte as centrais sindicais CCOO, UGT e CIG, como representación social, e por outra parte a Asociación Clúster do Granito en representación empresarial.

Ambas se recoñecen mutuamente lexitimación para negociar o presente Convenio.

*Ambitos De Aplicación**Ámbito territorial.*

Dada a natureza normativa e eficacia xeral, que lle ven dada polo disposto no artigo 82 e seguintes do Estatuto dos traballadores e pola representatividade das organizacións asinantes, o presente convenio será de aplicación a todas as empresas e traballadores/as que presten os seus servizos na provincia de Pontevedra.

Ámbito funcional.

Será de aplicación para todas as empresas que se dediquen ás actividades de pedra e mármore, incluídas as fábricas e talleres de serra e labra, tanto mecánica como manual, de acordo co estipulado no anexo I del Convenio Xeral da Construción.

Ámbito persoal.

Comprende a totalidade dos/as traballadores/as que, con independencia da súa nacionalidade, presten os seus servizos nas empresas incluídas no ámbito territorial e funcional, sen máis excepcións que as persoas comprendidas no ámbito de aplicación do Real Decreto 1382/1985 de primeiro de agosto, que regula a relación laboral especial de Alta Dirección.

Vixencia

Vixencia.

O presente Convenio Colectivo terá unha vixencia de catro anos, entrando en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013 e finalizando o 31 de decembro de 2016.

Unha vez finalizada a vixencia inicial ou de calquera das súas prórrogas –que serán anuais-, o texto do convenio continuará rexendo na súa totalidade, tanto no seu contido normativo como obrigacional ata que sexa substituído por outro.

Procedemento de denuncia.

Para dar cumprimento ao previsto en el artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores, as partes asinantes fan constar expresamente que este convenio non precisa denuncia previa para iniciar a negociación do convenio que o substitúa.

Condicións máis beneficiosas

Todas as melloras contidas neste convenio establécense con carácter de mínimas. Respectaranse as condicións máis beneficiosas que os traballadores teñan recoñecidas a título persoal polas empresas á entrada en vigor do presente convenio, sempre e cando fosen máis favorables, consideradas no seu conxunto e en cómputo anual. Os pactos ou situacións actuais existentes en calquera empresa, que impliquen condicións máis beneficiosas respecto das convidadas serán respectadas.

Vinculación a totalidade

- a) As condicións pactadas neste convenio forman un todo orgánico indivisible e , a efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas globalmente. No suposto de que a Administración ou a Xurisdición competente modifícase, anulase ou invalidase total ou parcialmente algún dos seus pactos, as partes comprométense a volver a negociar, coa boa fe debida e co espírito global de negociación, o pacto ou acordo anulado ou invalidado, deixando o resto do articulado vixente.
- b) No caso de que as partes negociadoras alcancen un acordo parcial, estas condicións pactadas formarán un todo orgánico indivisible e, a efectos da súa aplicación práctica, tamén serán consideradas globalmente.

Comisión Paritaria

Comisión paritaria.

Crearase unha Comisión Paritaria composta por un máximo de doce membros que serán designados a partes iguais por cada un dos participantes na sinatura do convenio, sindical e empresarial. Unha e outra poderán dotarse de asesores.

Os acordos da comisión paritaria adoptaranse, en todo caso, por unanimidade e terán a mesma eficacia e rango que a norma que fose interpretada.

A Comisión Paritaria reunirase cando fose requirida por algunha das partes a través dunha orde do día. Tamén poderá reunirse con carácter extraordinario previa convocatoria dalgunha das partes.

Funcións e procedementos da Comisión Paritaria.

A comisión Paritaria terá as seguintes funcións:

- Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.
- Interpretación da totalidade dos preceptos do mesmo.
- A instancia de algunha das partes mediar e/ou intentar conciliar, no seu caso, previo acordo das partes e a solicitude delas, arbitrar en cantas cuestións e conflitos de carácter colectivo poidan suscitarse na aplicación do presente convenio.
- Realizar cantas interpretacións sexan necesarias ante os cambios lexislativos ou normativos que afecten ao articulado do presente convenio e, no seu caso, remitirá un informe á Comisión Negociadora que deberá constituírse expresamente para tal efecto.
- Cantas outras funcións deriven expresamente ou ás que se faga especial referencia no articulado presente convenio.

Las partes asinantes do presente texto, empresarios/as e traballadores/as porán en coñecemento da comisión paritaria cantas dúbidas, discrepancias e conflitos colectivos, de carácter xeral, puidesen formularse en relación ca interpretación e aplicación do mesmo, todo elo co fin de que, mediante a súa intervención, se resolva o problema formulado ou, si elo no é posible, emita un ditame ó respecto.

Establécese que as cuestións propias da competencia da comisión paritaria e que se promovan ante ela, adoptarán la forma escrita, e o seu contido será suficiente para que se poida examinar e analizar o problema co necesario coñecemento de causa, debendo ter como contido obrigatorio:

- Exposición sucinta e concreta do asunto.
- Razóns e fundamentos que entenda que asistan ao solicitante.
- Proposta e petición concreta que se formule á comisión.

Xunto ó escrito-proposta deberanse acompañar todos os documentos que se consideren necesarios para una maior e mellor comprensión para a resolución do problema.

A comisión poderá solicitar, por vía de ampliación, canta información ou documentación se estime pertinente para unha ou maior información do asunto; a este efecto, concederáselle ao solicitante un prazo que non poderá exceder de cinco días hábiles.

A comisión, unha vez recibido o escrito-proposta e, no seu caso, completada a información pertinente, disporá dun prazo non superior a quince días naturais para resolver a cuestión formulada ou, si iso non fose posible, emitir o oportuno ditame ou informe, segundo proceda. Transcorrido dito prazo sen emitirse a resolución nin ditame, quedará aberta a vía administrativa ou xurisdiccional competente.

As partes asinantes asumen o contido del Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos (AGA).

Contratación

Probas de capacitación.

As empresas, con anterioridade ao ingreso, poderán realizar aos interesados as probas de selección, prácticas e psicotécnicos que consideren necesarias para comprobar si o seu grao de capacitación e a súa preparación son adecuadas á clasificación profesional e posto de traballo que vaian desempeñar.

Recoñecementos Médicos

A empresa estará obrigada a realizar recoñecementos médicos aos traballadores empregados, tanto con carácter previo a súa admisión, como con carácter periódicos polo menos unha vez ao ano. O trámite de carácter previo entenderase cumprido si o recoñecemento se fai dentro do prazo máximo de 10 días laborais trala incorporación na empresa.

En ambos casos o recoñecemento médico será adecuado ó posto de traballo que se trate.

O recoñecemento médico xeral consistirá, como mínimo, en audiometría, control de vista, análise de sangue e ouriños, espirometría, exploración clínica e placa torácica.

Someterase a un recoñecemento anual específico de silicose a aqueles/as traballadores/as que estean en contacto directo co po de sílice.

Período de proba.

O período de proba non poderá exceder de

- Seis meses para os técnicos titulados
- Un mes para o resto dos traballadores.

Durante o período de proba, o traballador terá os dereitos e obrigas correspondentes ó posto de traballo que desempeñe coma se fora de cadro de persoal, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes.

Transcorrido o período de proba sen que se produza desestimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose os tempos de servizo a efectos de antigüidade.

Contratación.

O contrato de traballo poderase concertar ao amparo de calquera das modalidades de contratación reguladas no Estatuto dos traballadores, disposicións complementarias e as dispostas no convenio xeral do sector.

O contrato de traballo será suscrito entre a empresa e o traballador por escrito, con entrega a este dun exemplar dentro dos quince días seguintes ao da súa incorporación, de acordo con calquera dos modelos aprobados por disposición de carácter normativo, que necesariamente deberá ser inscrito na oficina de emprego.

Contrato para traballo fixo de obra.

E o contrato que ten por obxecto a realización dunha obra ou traballo determinados e formalizarase sempre por escrito.

A duración do contrato e o cese do traballador axustaranse a algún destes supostos: Con carácter xeral, o contrato é para unha soa obra, con independencia da súa duración e terminará cando finalicen os traballos do oficio e categoría do traballador en dita obra.

O cese dos traballadores deberá producirse cando a realización paulatina das correspondentes unidades de obra, fagan innecesario o número dos contratados para a súa execución, debendo reducirse este de acordo coa diminución real do volume de obra realizada.

O cese dos traballadores "fixos de obra" por terminación dos traballos do seu oficio e categoría, deberá comunicarse por escrito ó traballador cunha antelación de quince días naturais. Non obstante, o empresario poderá substituír este preaviso por unha indemnización equivalente á cantidade correspondente ós días de preaviso omitidos, calculada sobre os conceptos salariais das táboas do Convenio, todo elo sen prexuízo da notificación escrita do cese. A citada indemnización deberase incluír no recibo de salarios coa liquidación correspondente ao cese.

Non obstante o anterior, previo acordo entre as partes o persoal fixo de obra poderá prestar servizos a unha mesma empresa e distintos centros de traballo dunha mesma provincia durante un período máximo de tres anos consecutivos sen perder dita condición e reportando os conceptos compensatorios que correspondan polos seus desprazamentos.

Neste suposto, a empresa deberá comunicar por escrito o cese ao traballador antes de cumprirse o período máximo de tres anos fixados no parágrafo anterior. Cumprido o período máximo de tres anos se non tivera mediado comunicación escrita do cese o traballador adquirirá a condición de fixo no cadro de persoal. En canto ao preaviso do cese, estarase ao pactado no suposto primeiro.

Si se producira a paralización temporal dunha obra por causa imprevisible para o empresario principal e allea á súa vontade, tras dar conta pola empresa á representación dos traballadores do centro ou, no seu defecto, á Comisión Paritaria Provincial, operarán a terminación da obra e cese previstos no suposto primeiro. A representación dos traballadores do centro ou no seu defecto, a Comisión Paritaria, disporá no seu caso, dun prazo máximo improrrogable de unha semana para a súa constatación a contar desde la notificación. O empresario contrae tamén a obriga de ofrecer de novo un emprego ao traballador cando as causas de paralización da obra desapareceran. Dita obriga entenderase extinguida cando a paralización se converta en definitiva. Previo acordo entre as partes, o persoal afectado por esta terminación de obra, poderá incluírse no regulado para o suposto segundo.

Este suposto non poderá ser de aplicación en casos de paralización por conflito laboral.

Nos supostos primeiro, segundo e terceiro establécese unha indemnización por extinción do contrato do 7% calculada sobre os conceptos salariais das táboas do Convenio aplicables reportados durante a vixencia do contrato.

Outras modalidades de contratación:

O traballadores que formalicen contratos de duración determinada, por circunstancias da produción, interinidade ou o denominado contrato de emprendedores (sempre que se supere o período de proba definido no artigo 7.3 do presente convenio sen que esta situación afecte ao seu pase a indefinido) , terán dereito, unha vez finalizado o contrato correspondente por expiración del tempo convido, a percibir unha indemnización por extinción do 7% sobre os conceptos salariais das táboas do Convenio aplicables reportados durante a vixencia do contrato.

Estes contratos formalizaranse sempre por escrito.

As empresas afectadas por este convenio, cando contraten os servizos de Empresas de Traballo Temporal, garantirán que os traballadores postos a súa disposición teñan os mesmos dereitos laborais, retributivos e á indemnización do 7%, como nas outras modalidades de contratación que lles corresponda aos

seus traballadores en aplicación do seus correspondente Convenio Colectivo ou Pacto de Empresa. Esta obriga constará expresamente no contrato de Posta a Disposición celebrado entre a Empresa de Traballo Temporal e a Empresa Usuaria. Para a contratación con ETTs cumprírase en todo caso co establecido no anexo VII do V Convenio Xeral do Sector da Construcción.

Contratos de duración determinada do artigo 15.1.b. do ET.

Cando o contrato de duración determinada previsto no apartado 1.b) do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores se concerte para cubrir postos en centro de traballo que no teñan a consideración de obra, nese suposto, a duración máxima do contrato poderá ser de doce meses dentro dun período de dezaioito meses.

No caso de que se concerten por un período inferior a doce meses poderán ser prorrogados mediante acordo das partes, sen que a duración total do contrato poida exceder de dito límite máximo. O período de dezaioito meses computarase a partires da data da causa ou circunstancia que xustifique a súa utilización.

A indemnización por extinción destes contratos será a prevista no apartado 7.4.2 do presente convenio provincial.

Estabilidade no emprego.

As empresas que contén cun cadro de persoal medio superior a 50 traballadores deberán manter unha porcentaxe de traballadores fixos que supere el 65% de dito cadro de persoal.

Pluriemprego.

As partes asinantes deste Convenio estiman conveniente como regra xeral erradicar o pluriemprego. A estes efectos estiman necesario que se apliquen co máximo rigor as sancións previstas na lexislación vixente nos casos de traballadores non dados de alta na Seguridade Social por estar xa afiliados a outra empresa.

Para contribuír ao obxectivo de controlar o pluriemprego considerarase esencial o cumprimento exacto do requisito de dar a coñecer aos representantes legais dos traballadores e á súa solicitude, os boletíns de cotización á Seguridade Social así como os modelos de contrato de traballo escrito que se utilicen na empresa e os documentos relativos á terminación da relación laboral, conforme dispón o artigo 64 do Estatuto dos Traballadores.

Clasificación Profesional

É vontade das partes asinantes do presente convenio reorganizar as categorías profesionais existentes na actualidade en consonancia co establecido no V CXSC.

Estructura Salarial

Salario Base.

Considérase salario base a retribución fixada por unidade de tempo ou de obra e que aparece como tal na táboa salarial anexa.

Antigüidade consolidada.

Acompáñase táboa (anexo) coas antigüidades xa consolidadas con data do 21 de novembro de 1996.

Os importes da táboa manteranse invariables e por tempo indefinido como complemento retributivo ad personam, é dicir, non sufrirán modificacións en ningún sentido por ningunha causa. Dito complemento retributivo reflectirase nos recibos de salario coa denominación de antigüidade consolidada.

Gratificacións extraordinarias.

O traballador terá dereito a dúas gratificacións extraordinarias ao ano, que se aboarán nos meses de xuño e decembro, antes dos días 30 e 20 de cada un deles respectivamente.

Ditas pagas extraordinarias non se devindicarán mentres dure calquera das causas de suspensión de contrato previstas no artigo 45 do Estatuto dos traballadores.

A contía das pagas extraordinarias de xuño e decembro será igual a unha mensualidade da táboa de salarios anexa a este convenio, máis a antigüidade consolidada, no seu caso.

Premio de puntualidade e asistencia.

Establécese un premio de puntualidade e asistencia para todo o persoal afectado polo presente convenio.

Dito premio consistirá nunha cantidade mensual e a súa percepción estará suxeita ás seguintes regras:

1. Entenderase por falta de puntualidade, cando o/a traballador/a non estea no seu posto de traballo ou tallo, no momento de comezar a xornada laboral. Tamén se considerará falta de puntualidade a súa incorporación hasta 30 minutos despois de iniciada a mencionada xornada de traballo.
2. Nos supostos anteriores, o/a traballador/a perderá o 5% do premio de puntualidade e asistencia por cada un dos retrasos.
3. Se a incorporación do/a traballador/a se produce despois dos primeiros 30 minutos de comezada a xornada laboral, considerarase como falta de asistencia de media xornada, perdéndose o 10% do premio cada vez que se produza dita falta.

4. En el caso de ausencias xustificadas, a cantidade con dereito a percibir ratearase atendendo aos días efectivamente traballados.
5. A falta de asistencia, por causa non xustificada, dunha xornada de traballo, ocasionará a perda do 25% do premio.

As licenzas establecidas no presente convenio provincial, no xeral da Construción e no Estatuto dos traballadores, non serán consideradas como faltas de puntualidade e asistencia.

Na táboa retributiva anexa contéplanse as contías a percibir cada exercicio.

Incentivos.

As empresas afectadas por este convenio, con exclusión dos talleres de mármore que non teñan teares nin máquinas corta-bloques, aboarán aos seus traballadores de fábrica ou taller un incentivo por cada día de traballo efectivo de 8 horas ou proporcional das cantidades que figuran na táboa salarial no epígrafe de “resto”. Nos talleres de mármore que non dispoñan de teares ou máquinas corta-bloques o incentivo será o fixado na mencionada táboa coa denominación de “marmorerías”, por día de traballo efectivo ou proporcional.

As empresas que teñan establecido ou establezan no futuro sistemas de medida da produtividade conforme ás disposicións legais e convencionais vixentes, garantirán que os seus traballadores/as percibirán como mínimo a cantidade sinalada no parágrafo anterior ou aquela contía existente en cada empresa, con independencia do sistema de produtividade a aplicar, en función dos acordos alcanzados cos/as representantes dos/as traballadores/as. En todo caso, o sistema de produtividade pactado debe establecer o rendemento normal esixible ós/ás traballadores/as e o sistema de retribución a aplicar segundo o referido no capítulo 5º do V CXSC.

Transporte.

Na contía fixada na táboa retributiva anexa, establécese un plus de locomoción ou transporte que se percibirá polo traballador polo seu desprazamento para o acceso ao seu centro de traballo

As sumas percibidas por este concepto non terán a consideración de salario a ningún efecto. En todo caso estarase ao disposto pola lexislación vixente.

Traballo en alturas, penosos, tóxicos e perigosos.

Aqueles/as traballadores/as que executen as súas labores a cinco ou máis metros de altura sobre o baleiro, terán dereito a que se lles aboe o correspondente plus de altura, que se establece no 20% do salario base da súa categoría

Ao traballadores que teñan que realizar labores que resulten penosas, tóxicas ou perigosas, deberá abonárselles as seguintes contías mentres exerzan ditas tarefas:

- Año 2008: trinta euros mensuais.
- Año 2009: sesenta euros mensuais.
- Año 2010: noventa euros mensuais.
- Año 2011: cento vinte euros mensuais

As partes asinantes deste convenio acordan, de forma expresa, tal e como xa se fixo nun documento asinado ante a Administración Pública el día 23 de outubro de 2007, que se debe elaborar un estudio sectorial que identifique os riscos de cada posto de traballo.

Ese estudio/informe será o resultado dos traballos levados a cabo por un comité que estará dirixido polo Gabinete Técnico de Rande, quen á súa vez será o que decida as persoas que deban realizar as medicións técnicas nas empresas.

Neste estudio tamén poderán intervir os técnicos dos servizos de prevención alleos que valide e/ou propoña o propio Gabinete de Rande.

Por último, poderán tamén intervir en dito estudio/informe os técnicos das Asociacións Sindicais Empresariais que así o desexen.

Si ben os concretos postos de traballo que presenten os requisitos neste artigo esixidos determinaranse cando teña rematado o estudio/informe, o percibo do plus que no seu caso corresponda terá carácter retroactivo desde o primeiro de xaneiro de 2008. As partes establecen que o mencionado estudio/informe técnico debe estar finalizado antes do 30 de xuño de 2008.

Ante as discrepancias xurdidas na interpretación e aplicación deste artigo 9.7 para todo aquilo non referido ós traballos en altura, as partes asinantes do presente convenio acordan deixar en suspenso a aplicación dos restantes supostos do presente artigo ata que non se alcance un acordo definitivo respecto ós criterios que determinarán os concretos postos de traballo que, no seu caso, devindicarán efectivamente o pago deste plus,, a contía do mesmo e a súa regulación.

Así mesmo, tamén se acorda deixar en suspenso nesta materia a remisión supletoria ó V CXSC.

Si no prazo de 6 meses a partir da sinatura do presente convenio, as partes non alcanzasen ningún acordo, estas obríganse expresamente a acudir ó procedemento de mediación, co obxecto de que un terceiro asista ás partes, para determinar a regulación e redacción definitiva do presente artigo 9.7. Este procedemento non poderá exceder do prazo de 3 meses.

Transcorridos ambos prazos sen que se teña alcanzado un acordo as partes poderán optar por dirimir as diferenzas acudindo ós demais procedementos establecidos na lexislación vixente.

Traballos nocturnos.

O persoal que traballe entre as vinte e dúas horas e as seis da mañá, percibirá un plus de traballo nocturno equivalente ao 25% do salario base mensual da súa categoría. Respetaranse as condicións máis beneficiosas.

Si o tempo traballado no período nocturno fose inferior a 4 horas, aboarase o plus sobre o tempo traballado efectivamente. Si as horas nocturnas exceden de 4, aboarase o complemento correspondente a toda a xornada traballada.

Cando existan dúas quendas e en calquera delas se traballe soamente unha hora do período nocturno, non será aboada esta con complemento de nocturnidade.

Retribución das horas extraordinarias.

Cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da semana ordinaria de traballo, aboarase cun incremento do 75% sobre el salario que le correspondería a cada hora ordinaria. As horas extras realizadas en sábado incrementaranse nun 85% e as realizadas en domingos e festivos incrementaranse nun 100%.

As empresas, sempre e cando non se perturbe o normal proceso produtivo, poderán compensar a retribución das horas extraordinarias por tempo equivalente de descanso.

No suposto de que se realizara a compensación prevista no parágrafo anterior, as horas extraordinarias compensadas non se computarán ós efectos dos límites fixados para as mesmas no apartado segundo do artigo 35 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

A fórmula de cálculo del valor da hora ordinaria farase de acordo coa seguinte operación:

$$\text{VHO} = \frac{(\text{Sb} + \text{Ac}) \times 335 + (\text{Spv} + \text{Ac}) \times 90 + \text{Cs}}{1.738}$$

Sb = Salario base

Spv = Salario pagas e vacacións.

Ac = Antigüidade consolidada.

Cs = Complementos salariais anuais

Quenda de fin de semana

As partes acordan que nas empresas suxeitas ao presente convenio que realicen xornadas a quendas os traballadores non poderán prestar servizo máis de dous fines de semana seguidos. Á norma anterior autorizase a seguinte excepción: permitírase que, cun máximo de 2 veces durante o ano, os/as traballadores/as poidan prestar servizo tres fins de semana consecutivos sendo esta situación de carácter excepcional por motivos de falta de persoal coa correspondente comunicación ós/ás representantes dos/as traballadores/as.

Compensarase economicamente a todos os/as traballadores/as que presten servizos en quendas en fin de semana cun plus, denominado de “quenda fin de semana” cuxo importe será o 15% do salario base mensual do convenio.

Axudas de custo.

A contía das axudas de custo será a seguinte

- Dieta completa: 30 € ano 2014, 2015, 2016.
- Media dieta: 12 € anos 2014, 2015, 2016.
- Dieta completa con durmida: 65 € anos 2014, 2015, 2016.

En caso de que o importe dos gastos de manutención e aloxamento supere a contía da axuda de custo establecida, e con previo coñecemento e autorización da empresa, esta aboará a diferenza xustificada ó/a traballador/a mediante o documento probatorio correspondente (factura, recibo ou documento similar)

Incrementos salariais.

Para os anos 2013, 2014, 2015 e 2016, aplicaranse os seguintes incrementos económicos sobre todos os conceptos existentes nas táboas do convenio:

Año 2013	Año 2014	Año 2015	Año 2016
0,6%	0,6%	1,0%	1,2%

Ese incremento non será aplicable ós conceptos salariais ou extrasalariais que teñan fixada una contía concreta para cada ao de vixencia do presente convenio, tales como o plus de tóxico, penoso o perigoso, ou a antigüidade consolidada.

Revisión salarial

Páctase expresamente realizar una revisión salarial sobre os conceptos das táboas de convenio nos seguintes termos:

- Ano 2014: a revisión salarial será efectiva no suposto que o IPC real supere a final de ano o 3%, aplicándose o incremento exclusivamente sobre ese exceso.

- Ano 2015: a revisión salarial será efectiva no suposto que o IPC real supere a final de ano o 3%. aplicándose o incremento exclusivamente sobre ese exceso.
- Ano 2016: a revisión salarial será efectiva no suposto que o IPC real supere a final de ano o 2,3%. aplicándose o incremento exclusivamente sobre ese exceso.

En cada un dos exercicios contemplados, a revisión sobre o exceso dos límites fixados operará con efectos retroactivos dende primeiro de xaneiro do ano correspondente.

Recibos de salarios.

O recibo individual de salarios ao que se refire o apartado 1º do artigo 29 do Estatuto dos traballadores, axustarase, en principio, ao modelo establecido en cada empresa, sen prexuízo de que por acordo entre a empresa e os representantes legais dos traballadores se estableza outro modelo distinto nos termos previstos legalmente

Tempo De Traballo

Xornada.

A xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais de traballo efectivo, de luns a venres en xornada partida e 40 horas semanais de traballo efectivo en xornada continuada.

A xornada ordinaria anual será de 1738 horas. Para adaptar a xornada ao cómputo de horas anuais estarase ao definido no calendario laboral aprobado anualmente.

En cada centro de traballo, a empresa exporá en lugar visible o calendario laboral pactado a nivel Convenio ou o pactado no propio centro de traballo.

De común acordo entre empresarios e a representación dos traballadores, poderán modificarse os días de compensación.

Na sección de serradoiros de bloques realizaranse tres quendas rotatorias , de acordo coa legalidade vixente.

Nas demais seccións, sempre que se estea facendo xornada partida, poderá cambiarse a quendas de mañá e tarde por períodos de tempo determinados, previa información aos representantes sindicais e de acordo co persoal afectado.

O persoal técnico e administrativo, desfrutará de xornada continuada do 1 de xuño ao 15 de setembro, garantíndose os servizos mínimos de cada empresa mediante quendas deste persoal a xornada partida, previa negociación entre as partes.

*Vacacions**

* [No caso de que a lexislación laboral vixente ou tendencia da xurisprudencia establecida polos tribunais correspondentes modifique o establecido nesta artigo a Comisión Paritaria reunirse obrigatoriamente co obxecto de interpretar o presente artigo ante novo marco legal nesta materia e remitir a súa interpretación á Comisión negociadora que se reunirá expresamente para acordar as adaptacións correspondentes do articulado do presente convenio.]

O persoal afectado polo presente convenio, sexa cal sexa a súa modalidade de contratación laboral ten dereito a un período de trinta días naturais -21 días laborais- de vacacións retribuídas ó ano, ou, no seu caso, á parte proporcional ao tempo efectivamente traballado como empregado/a na empresa correspondente. O desfrute das vacacións deberase iniciar, en calquera caso, en día laborable.

As vacacións desfrutaranse por anos naturais.

O dereito a vacacións non é susceptible de compensación económica. Non obstante, o persoal que cause baixa na empresa no transcurso do ano, terá dereito ao abono do salario correspondente á parte das vacacións reportadas e non desfrutadas correspondentes a todo o contrato en vigor, como concepto de liquidación pola súa baixa empresa.

A efectos do reporte de vacacións, considerarase como tempo efectivamente traballado, o correspondente á situación de incapacidade temporal, sexa cal fose a súa causa.

Cando o período de vacacións fixado para cada traballador/a coincida, total ou parcialmente coa incapacidade temporal, sexa cal sexa a causa da I.T., ou cun período de suspensión de contrato dos establecidos nos artigos 48.4 e 48 bis do ET, manterase o dereito ao desfrute das vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do desfrute do permiso que lle correspondera, ó finalizar o período de IT ou de suspensión do contrato. Tal dereito manterase aínda finalizado o ano temporal ó que corresponderan as referidas vacacións.

Este dereito mantense tanto si a situación de IT ou de suspensión de contrato se produce antes do inicio do período de vacacións ou sobrevén durante o desfrute das mesmas.

O desfrute das vacacións, como norma xeral e salvo pacto en contrario, terá carácter ininterrompido.

A retribución das vacacións consistirá na cantidade fixa establecida na táboa salarial anexa, máis a antigüidade consolidada, no seu caso.

Permisos e licenzas.

O traballador, previo aviso de ao menos corenta e oito horas, salvo acreditada urxencia, e xustificación posterior, atópase facultado para ausentarse do traballo, mantendo o dereito á percepción de todos aqueles conceptos retributivos que no se atopen vinculados de forma expresa á prestación efectiva da actividade laboral, por algún dos motivos e o tempo seguinte:

- a) Matrimonio do traballador/a, 15 días naturais.
